

Bloque 3. Tema 27.

O movemento obreiro no Sexenio Democrático e na Restauración

A consolidación do liberalismo en España durante as décadas iniciais do século XIX levou á fin da sociedade estamental. A burguesía eliminou os obstáculos que se opoñían ao seu enriquecemento e accedeu ao poder político. Pola contra, o proletariado foise desenvolvendo parello á industrialización; eran traballadores procedentes dos campos e dos talleres artesáns arruinados pola presenza das máquinas, que agora pasaban a ocupar postos nas novas fábricas. Pola súa banda, o campesinado seguiu sendo o grupo máis numeroso, e sufriu especialmente as consecuencias negativas das medidas de transformación do réxime de propiedade levadas a cabo polos liberais.

Os principios liberais de liberdade de contratación e salarios, o interese da burguesía de obter os máximos beneficios e a falta de regulamentación laboral fixeron que os traballadores industriais estivesen sometidos a duras condicións de traballo (longas xornadas laborais, baixos salarios, ausencia de dereitos, sometemento ao ritmo das máquinas...) Ademais, na agricultura, fábricas e minas, o emprego da man de obra infantil e feminina foi moi abundante, pois o menor salario que recibían animou á súa contratación por uns patróns ávidos de obter beneficios. Ante estes abusos, o proletariado viu necesario organizarse para reivindicar melloras salariais e laborais. Este fenómeno coñécese como **movemento obreiro**.

O movemento obreiro desenvolveuse en dúas fases. **A primeira fase**, que coincide coa primeira metade do século XIX é de carácter reformista. Os traballadores utilizaban a **folga** como instrumento de presión (cómpre diferenciar dous tipos, a folga sectorial -dun sector productivo- e a folga xeral -todos os sectores dunha cidade, rexión ou país-). Nesta primeira fase do movemento obreiro español tamén hai que citar algunhas **accións luditas**, nas que obreiros descontentos co empeoramento das súas condicións laborais deciden destruír as novas máquinas que se comezaban a implantar. Un dos exemplos máis destacados foi o incendio da fábrica “El Vapor” da familia Bonaplata, en Barcelona, no ano 1835.

Aínda que nas primeiras décadas do século XIX non estaba permitido, os obreiros comezaron a formar **asociacións de socorro mutuo**. Especialmente importante foi a probación dunha lei en 1839 que autorizaba aos traballadores a loitar polas melloras salariais e a redución da xornada laboral, a regulamentación do traballo e a **formación de caixas de resistencia, cooperativas de axudas e montepíos** para facer fronte a unha enfermidade, un despedido ou unha

morte. Aínda non había unha teoría política estruturada detrás destas primeiras asociacións, que pronto foron ilegalizadas, xa que en 1844 o novo goberno moderado suprimiu esta lei. Aínda que houbo breves intentos de recuperalas no Bienio Progresista e no Sexenio Democrático, as agrupacións de obreiros non foron definitivamente legalizadas ata o ano 1887, coa “Lei de Asociacións” de Sagasta.

Na **segunda fase** da evolución do movemento obreiro español, xa na segunda metade do século XIX, as **reivindicacións adquieren un carácter revolucionario**, debido á eclosión de ideoloxías como **o anarquismo e o socialismo marxista**. Estas penetran en España grazas áo establecido na Constitución de 1869, sendo introducido o anarquismo por Giuseppe Fanelli, discípulo de Mikhail Bakunin, e o marxismo por Paul Lafargue, xenro de Karl Marx. Ambos idearios abogan pola abolición da propiedade privada dos medios de produción, co obxectivo de alcanzar a completa igualdade. Isto destruíría o sistema capitalista, debido á que sería a fin da sociedade de clases, o que levou á unha gran reacción de oposición por parte da burguesía que artellaría o sistema da quenda na Restauración borbónica. A principal diferenza entre ambas ideoloxías é o método usado para chegar a ese obxectivo.

O anarquismo consideraba necesaria a destrución do Estado e a eliminación de calquer tipo de autoridade. A nova sociedade anarquista debía organizarse en comunas autónomas, gobernadas en réxime de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción. Esta transformación debía ser levada a cabo polos campesiños, xa que os anarquistas desconfiaban da eficacia da loita política para transformar a sociedade, polo que practicaron a abstención e o retraemento electoral. Como vía de loita propuxeron diversos medios como a folga xeral revolucionaria, a creación de sindicatos, a formación de organizacións clandestinas e incluso o emprego da violencia e o atentado (a chamada “propaganda pola acción”, practicada pola Man Negra), o que xerou discrepancias entre eles. O anarquismo foi a ideoloxía obreira con maior implantación na España do século XIX, especialmente entre os xornaleiros agrícolas do sur, aínda que tamén na industrial Barcelona.

Pola contra, **o socialismo marxista** defendía a loita de clases e que o medio máis eficaz para conseguir a modificación da sociedade era unha revolución levada a cabo polo proletariado, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros. Empregando estas organizacións, os traballadores debían conquistar o poder e utilizar o Estado como instrumento de nivelación social. Instauraríase así a denominada “ditadura do proletariado”, na que se expropiarían a propiedade privada dos medios de produción, que pasaría ao Estado. Lograda a colectivización e socialización

dos medios de produción, todos os individuos deberían ter iguais condicións de vida na nova sociedade socialista.

Máis adiante, xa no século XX, aparecería a **socialdemocracia**. Nesta variante do socialismo non se desbotaba a posibilidade dunha revolución, pero incluíase tamén a de participar no parlamentarismo burgués co obxectivo de reformar progresivamente o sistema.

A mediados do século, nun período de crecemento e expansión económica, foi ensanchándose o número de traballadores fabrís que reivindicaron o sufraxio universal como medio de participación política. A revolución de setembro de 1868 e o subseguinte Sexenio Democrático foron unha oportunidade para a organización de partidos obreiros grazas á concesión do dereito de reunión e asociación.

Hai que ter en conta que xa en 1864 fora fundada a **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, tamén coñecida como I Internacional, co obxectivo de potenciar a unión e a loita dos traballadores pola súa emancipación en todo o mundo. Grazas ás medidas do Sexenio, **no 1870, en Barcelona, fundouse a Federación Rexional Española**, organización federativa constituída por distintas seccións obreiras e integrada na AIT, pero houbo moitas disputas internas.

O **anarquismo** caracterizouse pola súa división. A maioría, defensores dos principios colectivistas e antiautoritarios, creou a **Federación de Traballadores da Rexión Española**. Entre as federacións locais destacou a Solidariedade Obreira e, despois da Semana Tráxica de Barcelona (1909), creouse a **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**. As discrepancias internas levaron ao grupo máis radical a fundar en 1927 a **Federación Anarquista Ibérica (FAI)**. Outros, en cambio, eran máis extremistas e defendían os atentados contra os intereses e os personaxes das clases dominantes; nesta liña de actuación encádrase a organización secreta da Man Negra.

O socialismo marxista tivo como principal líder a **Pablo Iglesias, que fundou o Partido Socialista Obreiro Español (PSOE) en 1879 e a Unión General de Trabajadores (UGT) en 1888**. Entre o partido e o sindicato existía unha estreita interdependencia, e ambos contribuíron na fundación da Segunda Internacional en París, a cal declarou o Primeiro de Maio como día da clase obreira. Malia a que o PSOE tivo unha implantación moi reducida nas súas primeiras décadas de existencia, a colaboración coas forzas republicanas tras a Semana Tráxica de Barcelona levou a que Pablo Iglesias fora escollido deputado en 1910.

No 1919 fundouse a III Internacional ou Internacional Comunista, o que produciu un intenso debate no PSOE sobre se seguir ou non o modelo soviético. Unha parte dos socialistas separáronse e formaron o **Partido Comunista de España (PCE) en 1921**.

Tamén se crearon algunhas **sociedades obreiras desde unha óptica cristiá** co fin de contrarrestar o avance do anarquismo e socialismo (Sindicato Católico dos Ferrovianos Españois, o Sindicato Católico Obreiro de Mineiros Españois, Consello de Corporacións Católico-Obreiras, Federación Nacional de Sindicatos Católicos...). Estas agrupacións defendían a colaboración de clases e pretendían lograr a concordia social que defendía a Igrexa.

Durante o último terzo do século XIX o incremento dos prezos e a escaseza dos produtos ou os impopulares impostos dos consumos orixinaron frecuentes motíns espontáneos contra os responsables. Ante esta situación, a actitude do Estado variou dependendo de quen gobernase. En principio apréciase unha postura negativa, pero despois houbo unha maior telerancia, recoñecendo unha serie de dereitos aos traballadores. Aínda así sempre houbo unha forte vixilancia e os gobernos non dubidaron en empregar a forza, mediante a Garda Civil e o exército, para sufocar os levantamentos, sobre todo nas celebracións do Primeiro de Maio.

No inicio do s. XX aparecerá, co goberno de Silvela, o **Instituto de Reformas Sociais**, que elaboraba informes da situación laboral e condicións de traballo da clase obreira coa intención de desenvolver unha lexislación para melloralas. Aínda que este intervencionismo en materia laboral non era ben vista pola patronal, seguíronse a promover leis que **regularon o descanso dominical, a protección do traballo infantil e feminino en determinadas industrias ou a creación de organismos fundamentais como a Inspección de Traballo, o Instituto Nacional de Previsión** (orixe do que logo será a Seguridade Social), os Tribunais Industriais ou o Retiro Obreiro. En 1909 régúlase o **dereito de folga** e en 1919 apróbase a **xornada laboral de 8 horas**.

En 1910, no ano seguinte á Semana Tráxica de Barcelona, fúndase o sindicato anarquista Confederación Nacional do Traballo (CNT), que xunto á UGT organizará a folga xeral revolucionaria de 1917 que pretendía rematar co turnismo. En 1927, debido á opresión da ditadura de Primo de Rivera, fundouse a Federación Anarquista Ibérica (FAI), que xunto coa CNT o PCE e algúns membros do PSOE liderados por Largo Caballero van opoñerse ao réxime ditatorial. Mentres tanto, a UGT e o PSOE, liderado por Indalecio Prieto, adoptarán unha actitude posibilista e de colaboración coas autoridades, participando nos comités paritarios.

En Galicia existe un movemento campesiño para a redención dos foros coñecido como **agrarismo**. No 1910 fúndase a asociación agrarista **Acción Galega, dirixida por Basilio Álvarez**, que pedía a redención dos foros, a eliminación do caciquismo, potenciar as vías de comunicación, fomentar a industria, establecer cooperativas agrícolas e bancos de labregos e non aceptar como

deputados galegos máis que os que defendesen as aspiracións agrarias (tamén destaca neste eido a creación de Solidaridad Gallega en 1907). Tras anos de loita, a redención de foros acaba por conseguirse no ano 1927, na ditadura de Primo de Rivera.

Como conclusión, podemos afirmar que aínda que as reivindicacións de tipo revolucionario fracasaron, sí permitiron o triunfo de moitas reivindicacións reformistas, establecidas a modo de concesión para reducir as protestas. Así, conseguíronse melloras en todos os ámbitos para os traballadores ao longo do Sexenio Democrático e a Restauración, e incluso baixo o réxime primorriverista.